Nosanube é un selfhosting cooperativo

O proxecto basease en compartir esforzos e recursos para ter unha serie de servizos autodespregados cun modelo de gobernanza dos datos respetuoso coa privacidade e propiedade dos datos, co medioambiente e co desarrollo do software libre.

Actualmente empréngansе de forma masiva ferramentas de comunicación e traballo ofimático, por exemplo, ofrecidas por empresas que non teñen unha política de gobernanza dos datos clara e transparente, que non garantizan a privacidade e propiedade dos datos de quenes as usan, que non teñen en conta o custo medioambiental dos seus servizos nin o traballo desenvolto no mantemento do software libre que empregan.

Preténdese chegar a persoas concienciadas cos mesmos principios que o proxecto e esten dispostas a costear o uso de servizos tecnolóxicos que hai actualmente accesibles de forma “gratuita”, que non sen custo.

Principios:

- **Respeto da privacidade e dereito ao esquecemento**: almacenar a *mínima información posible* de quenes usan os servizos e do seu uso da plataforma, sen poder acceder á información almacenada en si mesma no caso de que sexa posible, e permitindo un borrado real da conta e do seu contido se así se solicitase.
- **Responsabilidade medioambiental**: medir o impacto ambiental da montaxe, uso e mantemento da plataforma para engadir un custo económico nos servizos ofertados asociado a dito impacto e destinado a iniciativas locais que revirtan realmente a maior cantidade posible dese impacto.
- **Responsabilidade no desarrollo de software libre**: engadir un custo económico nos servizos ofertados para o apoio financieiro dos proxectos de software libre que se usen na plataforma, ou ben colaborar doutra forma para fomentar o seu desarrollo.

From:
https://wiki.nosanube.net/ - **nosanube**

Permanent link:
https://wiki.nosanube.net/doku.php?id=start&rev=1789472760

Last update: **2026/09/15 13:46**